



AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

RESOLUCIÓN do 11 de febreiro de 2021, pola que se aproba a relación provisional de admitidos e excluídos ao proceso para a cobertura dun posto de persoal directivo na Axencia Galega de Innovación, convocado pola Resolución do 8 de xaneiro de 2021.

En virtude do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos, e de acordo co establecido no artigo 5 das bases da convocatoria que rexe o proceso de selección convocado por Resolución do 8 de xaneiro de 2021 (DOG núm. 12, do 20 de xaneiro), esta Dirección

RESOLVE:

Aprobar a relación provisional de admitidos e excluídos para a cobertura dun posto de persoal directivo na Axencia Galega de Innovación (Anexo).

Contra esta resolución, as persoas interesadas disporán dun prazo de tres días hábiles, contados desde o seguinte ao da súa publicación na páxina web, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

As reclamacións presentaranse por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (código de procedemento xenérico PR004A) <https://sede.xunta.gal>; no Rexistro da Axencia Galega de Innovación (Airas Nunes, s/n, 15702 Santiago de Compostela), ou nas oficinas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste caso deberá remitirse unha copia escaneada da reclamación rexistrada ao seguinte enderezo de correo electrónico: persoal.gain@xunta.gal, e antes da finalización do prazo de presentación das reclamacións.

De acordo co artigo 5 parágrafo 2º das bases da convocatoria, a relación de aspirantes excluídos e admitidos pode consultarse na páxina web da Axencia Galega de Innovación (gain.xunta.gal), na epígrafe Axencia/Procesos Selectivos/ Procesos selectivos ano 2021.

Os/as aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden os defectos que motivaron a súa non admisión serán definitivamente excluídos/as.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela,

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar





ANEXO

LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS

CÓDIGO: EI.A11.00.003.15770.001

DENOMINACIÓN: Director/a da Área de Servizos

ANO DA CONVOCATORIA: 2021

PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA: Diario Oficial de Galicia do 20 de xaneiro (Núm.12)

DATA DE PUBLICACIÓN DO LISTADO: 12 de febreiro de 2021

ADMITIDOS:

APELIDOS	NOME	NIF
Fernández Liz	Patricia	***3886**

